

EXPEDIENTE:	2025/00033721E
PROCEDIMENTO:	Elaboración, xestión de convocatoria e concesión de subvencións (FP)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 19 de xaneiro de 2026 adoptou o seguinte acordo:

Rectificación de erro material no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/12/2025 de concesión das axudas destinadas a apoiar ás empresas de economía social de Santiago de Compostela para o ano 2025.

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

Primeiro. A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 31 de decembro de 2025, adoptou acordo de aprobación da concesión, xustificación e recoñecemento da obriga das axudas destinadas a apoiar ás empresas de economía social de Santiago de Compostela para o ano 2025.

Segundo. No apartado segundo da parte dispositiva do citado acordo indícase:

“Segundo. Aprobar a concesión, xustificación e recoñecemento da obriga das axudas destinadas a apoiar ás empresas de economía social de Santiago de Compostela para o ano 2025, polos importes e beneficiarios que constan na relación e que suman un total de 114.999,95 euros con cargo á aplicación á partida orzamentaria 020433004790002 DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL dos orzamentos municipais de 2025...”

Terceiro. Revisado o expediente, advírtese que se produciu un erro material na identificación da partida orzamentaria, debendo figurar correctamente a 020 43300 4790001, mantendo inalterados o importe total, os beneficiarios e o resto do contido do acordo, de xeito que:

Onde di:

“con cargo á aplicación á partida orzamentaria 020 43300 4790002 – Desenvolvemento empresarial”

Debe dicir:

“con cargo á aplicación á partida orzamentaria 020 43300 4790001 – Desenvolvemento empresarial”

CONSIDERACIÓNS

Primeira. O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que “as administracións

públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por solicitude dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Segunda. O erro detectado ten carácter material, ao tratarse dunha incorrecta transcripción da aplicación orzamentaria, sen afectar ao fondo do acordo nin aos dereitos das entidades beneficiarias.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Único. Rectificar o erro material existente no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de decembro de 2025, polo que se aprobou a concesión, xustificación e recoñecemento da obriga das axudas destinadas a apoiar ás empresas de economía social de Santiago de Compostela para o ano 2025, de xeito que:

Onde di:

“con cargo á aplicación á partida orzamentaria 020 43300 4790002 – Desenvolvemento empresarial”

Debe dicir:

“con cargo á aplicación á partida orzamentaria 020 43300 4790001 – Desenvolvemento empresarial”.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Único. Rectificar o erro material existente no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de decembro de 2025, polo que se aprobou a concesión, xustificación e recoñecemento da obriga das axudas destinadas a apoiar ás empresas de economía social de Santiago de Compostela para o ano 2025, de xeito que:

Onde di:

“con cargo á aplicación á partida orzamentaria 020 43300 4790002 – Desenvolvemento empresarial”

Debe dicir:

“con cargo á aplicación á partida orzamentaria 020 43300 4790001 – Desenvolvemento empresarial”.